

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 02-06-2026, ditou a resolución con número 1515/2026 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: Bases reguladoras do proceso selectivo para a selección e incorporación como funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal denominado “Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2026” e de tres Operarios de motobomba.**

EXPEDIENTE: 2026/E001/000009

#### **Antecedentes:**

**Primeiro.-** O Alcalde do concello de Carballo e a conselleira do Medio Rural da Xunta da Galicia, con datas 22 e 25 de abril de 2025, respectivamente, asinaron o Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Carballo para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

De conformidade co establecido na cláusula vixésimo novena este convenio producirá efectos dende a sinatura e ata o 31 de decembro de 2026

De conformidade co o disposto na cláusula oitava do citado convenio cada Brigada estará composta por cinco persoas, coas seguintes categorías profesionais:

- Unha persoa coa categoría de **xefe/a de brigada**. Estará en posesión dalgunha das titulacións académicas seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do carné de conducir tipo B.
- Unha persoa coa categoría de **peón/a condutor/a**, que estará en posesión do carné de conducir tipo B).
- Tres persoas coa categoría **peón/a de brigada**, segundo se constituía unha brigada de 5 compoñentes.
- No dito convenio tamén se prevé a actuación de vehículos **motobomba**, para o que o Concello debe dispoñer de persoal encargado do seu manexo.

**Segundo.-** Con data 13/05/2026 o Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil do concello de Carballo informa da necesidade de incorporación de persoal para o cumprimento do citado Convenio.

**Terceiro.-** Por Providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 14/05/2025 ordenouse a apertura dun expediente para a incorporación do persoal necesario por un período de de tres meses, e a elaboración das bases reguladoras correspondentes.

**Cuarto.-** Por Resolución da Alcaldía núm. 1857, do 12 de xullo de 2016, declarouse como sector ou servizo prioritario á actuación do concello de Carballo na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, ao non estar financiada totalmente a contratación dos traballadores pola Xunta de Galicia, xa que, segundo a cláusula segunda do citado convenio, os custos das accións a desenvolver neste convenio repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local.

**Quinto.-** Con data 25/05/2026 a técnica do servizo de persoal emite informe xurídico favorable do sobre o proceso de selección.

**Sexto.-** Consta no expediente informe favorable da Intervención municipal asinado o 01/06/2026.

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases que rexerán a selección como persoal temporal dun (1) xefe de brigada, un (1) peón condutor e tres (3) peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios, así como de tres (3) operarios de motobomba.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente Resolución.

**Segundo.-** Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases mediante a publicación da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia.

Asemade as bases publicaranse integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e, de forma complementaria, na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

## **ANEXO**

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DO PERSOAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, E DE TRES OPERARIOS DE MOTOBOMBA (PROGRAMA CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE CARBALLO, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS).**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

**1.1.-** As presentes bases teñen por obxecto a contratación, como persoal funcionario interino, de 8 postos de traballadores/as cualificados/as en actividades forestais e do medio rural, para a execución dun programa de carácter temporal:

- **1 praza de Xefe de Brigada.**
- **1 praza de Peón Conductor.**
- **3 prazas de Peóns de Brigada.**
- **3 prazas de Operario de Motobomba.**

Esta contratación realízase ao abeiro do Convenio interadministrativo asinado os días 22 e 25 de abril de 2025 entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo, para o desenvolvemento de actuacións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026. O programa está cofinanciado parcialmente polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

O procedemento de selección que se sinala nestas bases axustarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

**1.2.** O ámbito de actuación da brigada de prevención e defensa contra incendios será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable, o persoal da brigada municipal participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

**1.3.** Funcións e tarefas: As tarefas a desenvolver polos membros da brigada veñen determinadas polo Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo.

Os membros da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do nomeamento, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Traballo de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos nos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así

como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.

- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

## **SEGUNDA.- DURACIÓN E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

As persoas seleccionadas serán nomeadas funcionarias interinas para a execución dun programa de carácter temporal denominado "**Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2025**", no marco do Convenio interadministrativo asinado o 22 e 25 de abril de 2025 entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Carballo para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026.

A duración do nomeamento será de tres (3) meses, a contar desde a data de toma de posesión.

As retribucións mensuais serán de conformidade co disposto no anexo I do acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo (BOP nº 137), o persoal funcionario interino nomeado para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas, ao abeiro das letras c) e d) do artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), percibirá as retribucións previstas no citado anexo I.

- **Xefe/a de brigada:** retribucións correspondentes ao grupo B, complemento de destino nivel 19 e complemento específico conforme ao establecido no anexo I citado.
- **Peón condutor/a:** retribucións correspondentes ao grupo C2, complemento de destino nivel 14 e complemento específico conforme ao establecido no anexo I citado.
- **Peóns e operarios/as de motobomba:** retribucións correspondentes á agrupación profesional, complemento de destino nivel 12 e complemento específico conforme ao establecido no anexo I citado.

As persoas seleccionadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instrucións ditadas pola xefatura do servizo.

## **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do nomeamento:

### **3.1 Requisitos xerais:**

**a) Nacionalidade.** Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

**b) Idade.** Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade da idade máxima de xubilación forzosa.

**c) Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial.

**d) Habilitación.** Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**e) Compatibilidade.** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**f) Coñecemento da lingua galega.** Estar en posesión do **CELGA 2**, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias respecto daquelas persoas aspirantes que opten a categoría de peón de brigada, peón condutor e de operario de motobomba e do **CELGA 3** ou equivalente para aquelas persoas aspirantes que opten a categoría de xefe de brigada. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de CertifiDe conformidade co disposto no anexo I do acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo (BOP nº 137), o persoal funcionario interino nomeado para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas, ao abeiro das letras c) e d) do artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), percibirá as retribucións previstas no citado anexo I.

Ao non tratarse de persoal adscrito estruturalmente aos postos definidos na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, as súas retribucións determinaranse segundo os grupos de clasificación, niveis de complemento de destino e complementos específicos establecidos para este tipo de persoal no referido anexo I.

As retribucións serán actualizadas consonte os incrementos retributivos que legalmente se aproben.

En consecuencia, as retribucións correspondentes aos postos obxecto desta convocatoria serán as seguintes:

- **Xefe/a de brigada:** retribucións correspondentes ao grupo B, complemento de destino nivel 19 e complemento específico conforme ao establecido no anexo I citado.
- **Peón condutor/a:** retribucións correspondentes ao grupo C2, complemento de destino nivel 14 e complemento específico conforme ao establecido no anexo I citado.
- **Peóns e operarios/as de motobomba:** retribucións correspondentes á agrupación profesional, complemento de destino nivel 12 e complemento específico conforme ao establecido no anexo I citado. cación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior).

De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Legislativo 1/2008: para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que

acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA, deberá superar unha proba sobre o coñecemento do idioma galego e que cualificará ao/á aspirante como apto/a ou non apto/a.

### 3.2 Requisitos específicos:

- a) **Titulación.** Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, antes da finalización do prazo de presentación de instancia dalgunha das seguintes titulacións:
- Para a praza de Xefe de Brigada: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnico Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do medio natural, Técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, Técnico/a en emerxencias e protección civil ou Formación profesional equivalente.
  - Para a praza de peón condutor, estar en posesión do título de graduado en ESO, graduado escolar ou equivalente.
  - Para as prazas de peón de brigada e operario de motobomba: certificado de escolaridade ou equivalente ou outros superiores.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite a súa homologación.

**b) Carné de conducir.** Para o acceso ás prazas de Xefe de Brigada e de Peón Condutor é preciso estar en posesión de carné de conducir tipo B; e para as prazas de Operario de motobomba é preciso estar en posesión de carné de conducir clase C, comprometéndose a mantelo vixente mentres dure esta contratación.

### CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

**4.1.-** As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base terceira desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias. Achégase **modelo-tipo de solicitude** de participación como **Anexo III** destas bases.

As solicitudes presentaranse, preferentemente, por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)). Así mesmo as solicitudes poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos. Ademais, neste caso, os/as aspirantes, dentro do prazo de presentación de instancias, deberán enviar o xustificante de presentación de instancia na oficina de correo postal ao enderezo electrónico [xestiondepersoal@carballo.gal](mailto:xestiondepersoal@carballo.gal).

**Prazo de presentación.** O prazo de presentación de solicitudes será de oito (8) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP. A convocatoria e as bases publicaranse integramente no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e de forma complementaria na web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

**4.2.- Documentación.** Nas respectivas instancias, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base terceira destas Bases, **indicarán a praza ou categoría á que optan** (xefe de brigada, peón condutor, peón de brigada ou operario de motobomba) e acompañarán inescusablemente os seguintes documentos:

- a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de:
- Dezaioito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, para os aspirantes ás categorías de Peón condutor, Peón de brigada ou Operario de motobomba.
  - Vinte e catro euros (24,00€) para o caso de optar á categoría de Xefe de Brigada.

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249.

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

**b)** Copia do DNI ou documento identificativo.

**c)** Copia da titulación esixida para presentarse ao proceso conforme ao disposto na base terceira, apartado f).

**d)** Copia do permiso de conducir categoría B, para aqueles aspirantes que opten as prazas de Xefe de Brigada e Peón Conductor; e fotocopia do permiso de conducir categoría C, para aqueles aspirantes que opten as prazas de Operario de motobomba.

**e)** Certificado médico oficial ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-las funcións e tarefas propia do posto de traballo a desempeñar na Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ou como operarios de motobomba e que acredite estar en situación de poder desenvolver unha proba de esforzo físico.

**f)** Documentos xustificativos dos méritos alegados e relacionados no Anexo I da convocatoria para cada unha das prazas, para a súa avaliación na fase do concurso.

**g)** Acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso. No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, CELGA 4 ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

**4.3.-** Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

**4.4.-** Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou a relevancia do documento no procedemento o esixa, a Administración poderá solicitar o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento orixinal.

**4.5.-** Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

**4.6.** Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación.

## **QUINTA.- LISTAXE DE ADMITIDOS/AS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DO EXERCICIO DA OPOSICIÓN.**

**5.1.-** Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada

resolución publicárase, a título informativo e complementario, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de **tres días hábiles**, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para **presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos**, nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

**5.2.-** Posteriormente, o Alcalde ditará nova resolución, de aprobación de **listaxe definitiva** de admitidos/as e excluídos/as, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da realización do exercicio da oposición, así como a composición do tribunal cualificador.

Esta Resolución publicárase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e, sempre que sexa posible, tamén se publicará a título informativo e complementario na web municipal.

## **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

**6.1.-** O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

A designación farase de conformidade co establecido nos artigos 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado público e 59 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia, e na súa composición tenderase a paridade entre home e muller.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

**6.2.-** O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

**6.3.-** O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

**6.4.-** O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan aparecer durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas Bases.

**6.5.-** Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo cós artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**6.6.-** O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

## **SÉTIMA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de **concurso-oposición** libre.

### **7.1.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DA FASE DE OPOSICIÓN.**

Os/as aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren a proba de esforzo físico de provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. Ó órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade das persoas aspirantes.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia do/a interesado/a, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "M", de conformidade co establecido na Resolución do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm.16 do 26/01/2026). De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

## **7.2.- FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS.**

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias e non serán obxecto de valoración aqueles que se presenten con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de documentación fóra de prazo, todo elo sin prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo do tribunal, se poida requirir aclaración ou documentación adicional sobre outra documentación anterior presentada en prazo.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente xunto coa solicitude de participación coa presentación das fotocopias correspondentes, de acordo có baremo que se achega como **Anexo I** destas bases para cada unha das categorías ofertadas. Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

As puntuacións outorgadas na fase de concurso publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Non será preceptivo que medie un prazo previo entre a publicidade das cualificacións da fase de concurso e o chamamento de aspirantes e inicio da fase de oposición.

## **7.3 FASE DE OPOSICIÓN.**

**7.3.1.-Primeiro exercicio: Exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega.** Esta proba é común para todas as prazas.

Unicamente obrigatorio para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a Base segunda, letra g) (CELGA 2/CELGA 3) .

Esta proba cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 2/CELGA 3.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de "apto/a", e quedan eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

**7.3.2.- Segundo exercicio. Proba física de esforzo físico.** Esta proba ten carácter eliminatorio e será común para todas as prazas.

Consistirá na realización dunha proba física de esforzo que permita garantir as condicións de saúde precisas para o desempeño do posto de traballo.

Será cualificada como apto ou non apto, sendo requisito imprescindible para obter a cualificación de apto/a a superación dunha proba de banco, que consistirá en subir e baixar dun banco, de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado apto/a obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba, aprobadas a estes efectos pola Consellería de Medio Rural e do Mar.

Observarase a recomendación técnica sobre os procedementos para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais que figura na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (<https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad>), onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e de condición física, de acordo coa base sexta do convenio interadministrativo asinado coa consellería do medio rural.

Antes da realización deste exercicio informarase aos/ás aspirantes do desenvolvemento e forma de valoración e, a tal efecto, as persoas aspirantes asinará a declaración responsable que se achega como Anexo III.

**7.3.3. Terceiro exercicio: Proba de coñecementos.** É de carácter obrigatorio e eliminatorio e versará sobre o contido do seguinte programa:

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2. Clases de persoal ao servizo das entidades locais e a súa organización. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos empregados públicos.

Tema 3.- O Municipio. Peculiaridades do Municipio de Carballo. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Carballo. Principais vías de comunicación.

Tema 4.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.

Tema 5.-. Seguridade e saúde no traballo. Dereitos e obrigas dos/as traballadores/as e do empresario en materia de prevención de riscos laborais. Normas e medidas protectoras individuais e colectivas. A utilización de equipos de protección individual.

Tema 6.- Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases. Queimaduras. Trastornos térmicos.

Tema 7.-. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios.

Tema 8.- A defensa contra os incendios forestais en Galicia.

Tema 9.-. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción. Factores que inflúen na evolución do lume.

Tema 10.- Ferramentas que actúan sobre o calor, sobre o osíxeno e sobre o combustible

A proba, para cadansúa praza convocada, consistirá no seguinte:

**Xefe de Brigada: Proba teórico -práctica:** Resolución por escrito, nun tempo máximo dunha (1) hora, dun cuestionario de preguntas curtas ou de tipo test relacionadas con un ou varios supostos prácticos en relación ao contido total do temario e ás funcións propias do posto convocado.

**Peón Conductor/ Peóns de Brigada/Operario Motobomba: Proba práctica,** consistente na execución de actividades propias do posto de traballo, un ou varios supostos prácticos que demostren a posesión de habilidades e destrezas en relación ao contido total do temario e ás funcións propias do posto convocado.

A proba farase en lingua galega e distribuirase por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as aspirantes poidan realizar o exercicio noutra lingua oficial. Neste caso, as persoas que queiran copia da proba noutra lingua oficial solicitarana expresamente

coa antelación debida e por escrito, de conformidade co artigo 17.d) da Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Carballo (BOP núm. 226 do 27/11/2013).

A proba cualificarase polo tribunal de 0 (cero) a 10 (dez) puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. Neste exercicio o tribunal determinará o número mínimo de respostas acertadas que se requiren para superar a proba, en función da complexidade técnica destas e das peculiaridades propias do posto convocado.

#### **7.4.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.**

Á cualificación obtida polos aspirantes na fase de oposición, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello a relación de aprobados por orde de puntuación total final, con especificación desta

Serán seleccionados/as aqueles/as que obteñan maior puntuación global (sumadas as da fase de concurso e oposición).

No caso de producirse empate na puntuación final, computadas as dúas fases, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar, a puntuación do terceiro exercicio da fase de oposición, a continuación aquel/a aspirante que obteña mellor capacidade aeróbica no primeiro exercicio da oposición. De persistir o empate, polas puntuacións obtidas en cada apartado e subapartado da fase de concurso, pola orde en que se reflicta nas respectivas fases.

O Tribunal elevará a relación de aspirantes aprobados/as, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos nomeamentos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta para cadansúa categoría (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

**Reclamacións.** As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas as puntuacións outorgadas na fase de concurso e os exercicios da fase de oposición no prazo de **tres(3) días** hábiles a contar desde o día seguinte ao publicación da puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. No suposto de presentarse reclamacións/alegacións estas deberán ser resoltas expresamente polo Tribunal, e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

**Listaxe de substitucións.** Na acta do tribunal incluírase unha relación dos/as aspirantes, por orde de puntuación, que tendo superados o exercicios da oposición, no seu caso, non foran incluídos na listaxe de aprobados/as e proposta de nomeamento para cada unha das categorías ofertadas, aos efectos de poder, se así se estima, ser nomeados temporalmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as. A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

#### **OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS CON CARÁCTER PREVIO Á INCORPORACIÓN AO TRABALLO.**

**Documentación.** Os/as aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no **prazo de tres días hábiles** (contado a partir da publicación do resultado da selección no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello), os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos na Base terceira desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo:

- Declaración responsable na que consten os seguintes aspectos:

Non incorrer en causa de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas do posto de traballo.

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, non estar en situación de suspensión de funcións, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos.

➤ Así mesmo, no caso de que foso requirido ao efecto, deberá achegar a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentaran a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo

**Obrigas das persoas seleccionadas.** As persoas seleccionados estarán obrigadas a realizar, antes da súa incorporación, un recoñecemento médico, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Carballo. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

No recoñecemento médico observarase a recomendación técnica sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais que figura na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (<https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad>), na que se describen os procedementos para os bloques de saúde e de condición física.

A non superación do recoñecemento médico ou ben a non realización do referido curso, será causa de non incorporación, ou no seu caso de cesamento, sen prexuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

## **NOVENA.- NOMEAMENTOS.**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, á vista da proposta do Tribunal, e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan e superada a proba de esforzo físico e o curso teórico-práctico referido na base oitava, o órgano competente da Corporación procederá ao nomeamento como funcionarios/as interinos/as a favor das persoas aspirantes propostas polo Órgano de Selección.

A toma de posesión terá lugar dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende a data de notificación do acordo de nomeamento ou de que sexan requiridos para iso.

Previamente á toma de posesión, as persoas aspirantes nomeadas deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos nomeamentos e non se incorporen aos posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

No suposto de que os/as seleccionados/as non presenten a documentación requirida ou ben renuncien ao posto obtido, ou ben non superen o recoñecemento médico así como o curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, a proposta de nomeamento efectuarase ao seguinte da listaxe de substitucións a se fai referencia na Base oitava desta convocatoria.

## **DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

**Publicidade.** Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base cuarta, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse, **exclusivamente**, a través do taboleiro de **Anuncios electrónico deste Concello**, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras.

### **Protección datos de carácter persoal.**

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

De acordo co establecido pola normativa vixente *en materia de protección de datos* informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal.

O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L. co que poderá contactar en dpd@carballo.gal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión de datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade, e dirixila ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: [lopd@carballo.gal](mailto:lopd@carballo.gal).

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal).

### **DÉCIMA PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS.**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**Terceira.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da

publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

## **ANEXO I. BAREMO DE MÉRITOS PARA A FASE DE CONCURSO**

### **I.A.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE XEFE DE BRIGADA, UNHA PRAZA DE PEÓN CONDUTOR, E 3 PRAZAS DE PEÓNS DE BRIGADA .**

#### **I.A.1) Experiencia Profesional. Máximo 4,00 puntos.**

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con semellantes funcións:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes.

#### **I.A.2) Formación Profesional. Máximo 2,00 puntos.**

Por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou semellantes), ata un máximo de 2 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

Enténdese relacionados co posto de traballo os **cursos de prevención de riscos laborais** que se valoraran do seguinte xeito:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

Non se valorarán os cursos de duración inferior a 20 horas.

### **I.B.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A TRES PRAZAS DE OPERARIOS DE MOTOBOMBA.**

#### **I.B.1) Experiencia Profesional. Máximo 4,00 puntos.**

Por servizos prestados en traballos directamente relacionados ou similares coas funcións do posto de traballo:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes.

#### **I.B.2) Formación Profesional. Máximo 2,00 puntos.**

Por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 2 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

Enténdese relacionados co posto de traballo os **cursos de prevención de riscos laborais** que se valoraran do seguinte xeito:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

Non se valorarán os cursos de duración inferior a 20 horas.

## **FORMA DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS PARA TODAS AS CATEGORÍAS.**

### **Experiencia Profesional.**

Para a xustificación da experiencia será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Para estes efectos non se computarán os servizos que prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

### **Formación Profesional.**

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que quede claramente constatado que o contido fose diferente ou que se trate de actualizacións. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán valorados.

## ANEXO II. MODELO SOLICITUDE DE ADMISIÓN

<b>APELIDOS</b>	
<b>NOME</b>	
<b>DNI</b>	
<b>DATA DE NACEMENTO</b>	
<b>NACIONALIDADE</b>	
<b>ENDEREZO POSTAL</b> vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
<b>ENDEREZO ELECTRÓNICO</b>	
<b>TELÉFONO</b>	

### EXPOÑO:

I. Que desexo participar no PROCESO SELECTIVO PARA A **PROVISIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS** (1 Xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns de brigada), E DE **TRES OPERARIOS DE MOTOBOMBA**, convocatoria **2026**.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, **SOLICITO**:

Que se teña por presentada esta solicitude e ser admitido/a ás probas selectivas convocadas que indica a continuación.

- XEFE DE BRIGADA
- PEÓN CONDUTOR
- PEÓN DE BRIGADA
- OPERARIO MOTOBOMBA

Para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base cuarta das bases específicas reguladoras do mesmo, achego a seguinte **documentación**:

Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

Copia do título (ou certificado equivalente) acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, da titulación requirida para cadansúa categoría segundo o disposto no apartado f) da base terceira das bases reguladoras.

Copia do permiso de conducir, esixido para o acceso ás prazas de Xefe de Brigada e de Peón Condutor, así como para Operario de motobomba, segundo o disposto no apartado g) da base terceira das bases reguladoras.

Copia do certificado médico oficial que acredita as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das funcións e tarefas propias do posto de traballo e que acredite estar en situación de poder desenvolver unha proba de esforzo físico.

▣ Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal as cantidades establecidas en concepto de dereitos de exame (24,00€ para o caso de optar á categoría de Xefe de Brigada, e 18,00 € nas demais prazas) consonte á Ordenanza Fiscal núm. 26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

▣ Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 3 ou equivalente (xefe de Brigada), ou CELGA 2 ou equivalente (peón brigada/peón condutor/operario motobomba), segundo o disposto, ao efecto, no apartado h) da base segunda das bases reguladoras.

▣ Relación ORDENADA E FOLIADA DE MÉRITOS acompañada dos xustificantes acreditativos destes alegados na fase de concurso. (Achegase Anexo III como modelo)

Asemade DECLARO QUE:

- a) Non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- b) Non incorro en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- c) Non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións por sentenza firme.
- O idioma no que desexo facer o exame é:

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

#### **Información básica sobre protección de datos**

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

*De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal”.*

### ANEXO III. MODELO DE RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, declara que en relación cos criterios de valoración definidos nas bases da convocatoria para a provisión polo sistema de concurso-oposición dunha praza de \_\_\_\_\_, os méritos que se presentan a efectos de valoración son os seguintes:

#### A) Experiencia Profesional. Máximo 4,00 puntos.

LUGAR DE PRESTACIÓN	PERÍODO

#### B) Formación Profesional. Máximo 2,00 puntos.

NOME DA FORMACIÓN	NÚMERO DE HORAS

## ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona \_\_\_\_\_ con data de nacemento  
\_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_ e domicilio en  
\_\_\_\_\_ CP. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico  
\_\_\_\_\_, ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Carballo.

### COMPAREZO E DECLARO RESPONSABLEMENTE:

“- Que coñezo e fun informado do desenvolvemento e forma de valoración da proba de aptitude física a realizar -a proba de banco-.

- Que, en consonancia e reiterando a instancia de participación xa presentada, declaro baixo a miña responsabilidade que reúno as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física -a proba do banco-”.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales